

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

8229 *Orde APA/660/2020, do 16 de xullo, pola que se establecen os requisitos sanitarios para a importación de animais de especies para as que non exista normativa harmonizada da Unión Europea.*

A Directiva 92/65/CEE do Consello, do 13 de xullo de 1992, pola que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios e ás importacións na Comunidade de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normativas comunitarias específicas a que se refire a sección I do anexo A da Directiva 90/425/CEE, establece unha serie de disposicións de carácter sanitario aplicables ás importacións destes na Unión Europea.

O Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1 do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, traspón ao noso ordenamento xurídico a mencionada Directiva 92/65/CEE.

O artigo 17 do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, establece os requisitos sanitarios aplicables ás importacións de animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de terceiros países para a súa importación en España.

A disposición adicional cuarta do mencionado real decreto determina que, ata que se diten normas de desenvolvemento do artigo 17, seguirá aplicándose a normativa española referente ás importacións de terceiros países cando non existan requisitos establecidos no ámbito da Unión Europea, é dicir, cando se trate de animais de especies respecto das cales non se ditase normativa específica respecto dos requisitos sanitarios exixibles para a súa entrada no territorio alfandegueiro da Unión Europea, incluído o correspondente certificado sanitario.

Na actualidade, os modelos de certificados sanitarios de importación de animais vivos e produtos de orixe animal non destinados ao consumo humano non harmonizados pola normativa da Unión Europea encóntranse dispoñibles na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tal e como establece a Resolución do 22 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, pola que se publican as listas de establecementos de corentena de importación.

Así mesmo, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, establece no seu artigo 54.2 que a Administración xeral do Estado prohibirá a importación ou introdución de especies ou subespecies alóctonas cando estas sexan susceptibles de competiren coas especies silvestres autóctonas, alteraren a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.

A importación ou introdución dunha especie alóctona estará supeditada á autorización do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que debe elaborar unha lista que inclúa os taxons alóctonos susceptibles de competiren cos autóctonos, alteraren a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos. Só se autorizará a importación ou introdución dun taxon desta lista se a avaliación dunha análise de risco demostra que non se incorrerá nas circunstancias antes indicadas. Este procedemento foi desenvolvido polo Real decreto 570/2020, do 16 de xuño, polo que se regula o procedemento administrativo para a autorización previa de importación no territorio nacional de especies alóctonas co fin de preservar a biodiversidade autóctona española.

Neste sentido, cómpre ditar a presente orde co fin de regular o procedemento polo cal se exixen os correspondentes requisitos de sanidade animal, que se aplicarán unicamente

cando se dispoña da autorización que prevé o artigo 54 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e que desenvolve o Real decreto 570/2020, do 16 de xuño.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, esta norma xustifícase na necesidade de establecer unha xestión adecuada que controle os riscos na saúde pública, a saúde animal e o ambiente derivados da introdución de animais no noso territorio. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límitase ao mínimo imprescindible para controlar tales riscos. Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, as cargas administrativas límitanse ás imprescindibles para conseguir os fins descritos.

Esta orde foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información. Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do previsto na disposición derradeira segunda do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, que faculta o titular deste ministerio para ditar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e cumprimento.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente orde ten por obxecto regular o procedemento e os requisitos sanitarios para a importación de animais vivos, para os cales a Unión Europea non establece un certificado sanitario e, por tanto, distintos daqueles a que se refire a normativa relacionada no anexo, cando o seu destino final sexa o Reino de España.

2. O disposto nesta orde entenderase sen prexuízo das competencias atribuídas ao Ministerio de Sanidade no que se refire aos animais vivos destinados ao consumo humano, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en particular, para a autorización previa á importación prevista no artigo 54 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e desenvolvida polo Real decreto 570/2020, do 16 de xuño, polo que se regula o procedemento administrativo para a autorización previa de importación no territorio nacional de especies alóctonas co fin de preservar a biodiversidade autóctona española, así como das competencias atribuídas ao resto de ministerios con competencia en controis en fronteira de animais vivos, incluído o control correspondente á Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres, e do resto de requisitos exixidos para a importación de animais vivos.

Artigo 2. *Procedemento para a determinación dos requisitos de sanidade animal.*

1. Como paso previo para a posterior obtención de autorizacións no ámbito da sanidade animal, o importador deberá contar coa autorización a que se refiren o artigo 54.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e o Real decreto 570/2020, do 16 de xuño, cando iso sexa exixible por tratarse dun animal dunha especie alóctona listada e rexistrada como potencialmente susceptible de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os desequilibrios ecolóxicos, conforme o disposto no dito real decreto

2. Unha vez que se dispoña da autorización mencionada no número anterior, de acordo co procedemento establecido regulamentariamente, o importador deberá presentar solicitude de importación no ámbito da sanidade animal, de acordo cun modelo establecido dispoñible na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dirixida á unidade competente en materia de sanidade animal en importacións do dito ministerio, a

través da sede electrónica no caso de persoas xurídicas e outros suxeitos obrigados, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou polos medios previstos no artigo 16.4 da dita lei no caso de tratarse de persoas físicas.

3. O órgano competente para a instrución será a unidade competente en sanidade animal das importacións da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, que comprobará que o peticionario dispón da citada autorización ambiental e lle notificará se é preciso emendar a solicitude en relación coa sanidade animal, incluída a achega da información de que se trate, necesaria para poder facer unha avaliación do risco sanitario que supón a importación, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición.

O importador disporá dun prazo de dez días para emendar ou achegar a documentación requirida. Se así non o fixer, considerarase que desiste da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. A unidade competente en materia de sanidade animal das importacións da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria comprobará que o destino dos animais se encontra autorizado segundo o disposto no artigo 3, para o cal solicitará, de ser o caso, informe á comunidade autónoma en que radique o destino do animal ou animais, que deberá emitirse en dez días.

5. A unidade competente en materia de sanidade animal das importacións ditará resolución provisional en que se informará o importador dos requisitos sanitarios a que se somete a importación, sen prexuízo do que resulte dos controis veterinarios pertinentes que se realicen no posto de control fronteirizo (PIF) de entrada.

Na dita resolución indicaranse os requisitos veterinarios que deberá certificar a autoridade competente do país de orixe nun documento que acompañará os animais ata a súa entrada no territorio alfandegueiro da Unión Europea.

Concederáse un prazo de dez días para que o interesado formule as alegacións que coide oportunas.

6. A unidade competente en materia de importacións da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria elevará a correspondente proposta de resolución definitiva á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución, de acordo co establecido no artigo 21.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, será de tres meses desde a data de recepción da solicitude e notificaráselle ao importador de acordo co previsto no artigo 40 da citada lei. Se, transcorrido ese prazo, non se notificou ao interesado a resolución correspondente, este poderá entender estimada a súa solicitude.

8. Contra esa resolución poderase recorrer en alzada ante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación.

9. A resolución notificarase ao posto de control fronteirizo (PIF) de entrada, onde se realizarán os controis veterinarios pertinentes.

Artigo 3. *Destino dos animais.*

1. O organismo de destino dos animais que se importen estará autorizado e rexistrado, segundo proceda, en función da finalidade dos animais, con base nas seguintes normas:

a) Decreto 1191/1975, do 24 de abril, sobre autorización e rexistro de núcleos zoolóxicos, establecementos para a práctica da equitación, centros para o fomento e coidado de animais de compañía e similares.

b) A Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos.

c) Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

d) Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

2. Ademais, no caso de aves e primates, o organismo de destino deberá estar autorizado con base no artigo 14 do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1 do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

Artigo 4. *Animais para os cales xa existe un modelo de certificado sanitario.*

O procedemento previsto no artigo 2 non será de aplicación ás importacións de animais para os cales exista un modelo de certificado zosanitario dispoñible na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo, de ser o caso, da obtención da autorización ambiental referida no artigo 2.1.

Estes animais deberán vir acompañados dun certificado de acordo co mencionado modelo.

Artigo 5. *Comunicacións.*

O Servizo de Inspección de Sanidade Animal do posto de control fronteirizo comunicará á comunidade autónoma de destino, a través do sistema Traces, cada entrada no Reino de España dos animais obxecto desta orde.

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas previstas nesta orde non poderán supor incremento de dotacións, de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 10.^a, 16.^a, primeiro inciso, da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e sanidade exterior, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021.

Madrid, 16 de xullo de 2020.– O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.

ANEXO

Normativa considerada no artigo 1

Regulamento (UE) n.º 206/2010 da Comisión, do 12 de marzo de 2010, polo que se establecen listas de terceiros países, territorios ou ben partes de terceiros países ou territorios autorizados a introducir na Unión Europea determinados animais ou carne fresca e os requisitos de certificación veterinaria.

Directiva 2004/68/CE do Consello, do 26 de abril de 2004, pola que se establecen normas zoosanitarias para a importación e tránsito na Comunidade de determinados ungulados vivos, se modifican as directivas 90/426/CEE e 92/65/CEE e se derroga a Directiva 72/462/CEE.

Regulamento (CE) n.º 1251/2008 da Comisión, do 12 de decembro de 2008, polo que se aplica a Directiva 2006/88/CE do Consello no referente ás condicións e aos requisitos de certificación para a comercialización e a importación na Comunidade de animais da acuicultura e produtos derivados e se establece unha lista de especies portadoras.

Decisión de execución da Comisión 2013/519/UE, do 21 de outubro de 2013, pola que se establece a lista de territorios e terceiros países desde os cales se autorizan as importacións de cans, gatos e furóns, así como o modelo de certificado sanitario para esas importacións.

Regulamento (CE) n.º 798/2008 da Comisión, do 8 de agosto de 2008, polo que se establece unha lista de terceiros países, territorios, zonas ou compartimentos desde os cales están permitidos a importación na Comunidade ou o tránsito por ela de aves de curral e produtos derivados, xunto cos requisitos de certificación veterinaria.

Directiva 2009/158/CE do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa ás condicións de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de terceiros países.

Regulamento de execución (UE) n.º 139/2013 da Comisión, do 7 de xaneiro de 2013, polo que se establecen condicións zoosanitarias para a importación de determinadas aves na Unión e as correspondentes condicións de corentena.

Directiva 2009/156/CEE do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa ás condicións de policía sanitaria que regulan os movementos de équidos e as importacións de équidos procedentes de países terceiros.

Regulamento de execución (UE) 2018/659 da Comisión, do 12 de abril de 2018, sobre as condicións para a entrada na Unión de équidos vivos e de esperma, óvulos e embrións de équidos.

Decisión de execución (UE) 2018/320 da Comisión, do 28 de febreiro de 2018, relativa a determinadas medidas zoosanitarias de protección para os intercambios comerciais de píntegas no interior da Unión e para a introdución na Unión destes animais en relación co fungo *Batrachochytrium salamandrivorans*.